

Felipe **Árias Vilas**
Director xeral de Patrimonio Cultural

Limiar

Sen dúbida, a celebración das Letras Galegas do ano 2008 en Storno á figura de Xosé María Álvarez Blázquez vai conseguir que se coñeza mellor todo o seu traballo e o seu papel, fundamental, na cultura galega de boa parte do século XX. O afondamento na súa andaina persoal, profesional e, en suma, vivencial en relación con Galicia vai difundir e espallar como se merece o seu enorme esforzo, moitas veces calado e silandeiro pero hoxe sabemos que decisivo e determinante en tantas empresas culturais das que todos somos debedores. Por tanto, nesta altura non é necesario insistir en moitas facianas do seu inxente labor.

Pero entre as súas constantes e continuas actividades, e desde o noso punto de vista -loxicamente- unha das principais, hai que considerar de xeito especial todo o seu traballo relacionado coa arqueoloxía e coa historia, e xa que logo co patrimonio cultural que devén desta, en particular co da zona viguesa, miñorana e baixomiñota pero tamén de referencia importante para o conxunto do país.

Estamos seguros de que esta permanente e, tamén, afervoadada atención á arqueoloxía e á historia incidiu decisivamente nos moi-

tos recoñecementos públicos que recibiu en vida (e desde logo nos que se lle han dedicar neste seu ano memorial), como foron, entre moitos outros, a súa entrada na Real Academia Galega en 1962, o nomeamento como Cronista oficial de Vigo en 1976 ou a concesión do Pedrón de Ouro en 1981.

Pero xa desde moito antes, Álvarez Blázquez viñérase significando nos labores de recollida, estudo, documentación e divulgación da arqueoloxía e do patrimonio histórico da súa terra máis próxima. Para os que temos unha dedicación profesional a estes temas, o persoeiro agora homenaxeado foi sempre unha referencia singular, pois o seu nome estaba asociado a aspectos e cuestións fundamentais coma os xacementos paleolíticos das Gándaras de Budiño e do Baixo Miño, as estelas galaico-romanas de Vigo ou, máis amplamente, toda a epigrafía romana viguesa, nestes dous casos coa súa participación activa na publicación, pioneira no ámbito peninsular, das Inscricións Romanas de Galicia entre 1949 e 1961. Así mesmo, compre lembrar tamén o papel do erudito e investigador vigués no desenvolvemento do ‘Congreso Nacional de Arqueología’ de 1953, fito clave nos estudos prehistóricos e arqueolóxicos galegos, con toda a transcendencia que isto tivo tamén para o seu reflexo patrimonial.

Destacábase xa nos anos setenta do século pasado o seu carácter afaible, desprendido e colaborador para con todos cantos quixeran facer algo polo estudo da historia –no máis amplo sentido– das terras viguesas e por Galicia en xeral. Para os que daquela eramos mozos e xunto co núcleo ourensán de Xaquín Lorenzo e Taboada Chivite e ao lado doutras figuras como Fermín Bouza-Brey, don Xosé María Álvarez Blázquez espertou sempre respecto persoal e consideración científica, plasmada nunha admiración polo seu labor calado pero efectivo e ao tempo nun deveso constante por ler os seus intuitivos traballos e as súas interesantes achegas, para aprender así sobre temas que complementaban de xeito decisivo o ensino universitario, naquela altura aínda en proceso inicial de incardinación na arqueoloxía e no patrimonio cultural do país.

Todo o que antecede sería motivo abondo para saudar con satisfacción o esforzo que o Instituto de Estudos Miñoranos fai con

esta consistente e traballada publicación para recoller e difundir o labor de Álvarez Blázquez, en particular das súas numerosas e significativas achegas a xacementos e materiais das etapas prerromanas do suroeste galego. Se se pensa que esta obra que agora ve a luz recolle só unha parte do traballo que don Xosé María dedicou á arqueoloxía e á historia, caerase na conta que o seu labor foi moito máis inxente e importante do que se coñece mesmo nos ámbitos máis sabidos da cultura galega.

Por iso, para a Consellería de Cultura e Deporte é unha decisión doada apoiar ao Instituto Miñorano nesta empresa de difusión para un mellor coñecemento de Álvarez Blázquez, xunto con outras andainas nas que os activos compoñentes daquela entidade colaboran coa administración para unha máis efectiva protección, conservación e divulgación do noso patrimonio cultural. Xosé María Álvarez Blázquez sempre “mirou por el” e sempre o quixo achegar á sociedade, complementando así as outras facianas creadoras e impulsoras de cultura que o fan merecente de homenaxe e recordo perpetuo.

Carlos Méixome Quinteiro
Director do IEM

¡Había tanto que facer!

Con estas palabras, tiradas do limiar do seu *Canle segredo*, Xosé María Álvarez Blázquez expresaba a consciente necesidade de labrar nos eidos diversos da cultura nacional, de encher as velas xenerosas que empurrasen a embarcación cara a Ítaca, de que, naqueles tempos de infamia, cumpría rastrexar nas pegadas da prehistoria, estudar xacementos castrexos, escribir poemas, afrontar ensaios históricos ou literarios, editar libros ou vendelos polas feiras. Segue habendo tanto que facer para que o barco arribe a porto en condicións de iniciar unha nova singradura que todas as mans son necesarias.

Darío Xoán Cabana ten definido a Xosé María Álvarez Blázquez como “galeguista de aceiro e pedra fina”, nós atreveríamonos a cualificalo, de xeito menos poético, como “home renacentista” que soubo ver a inmensidade do labor de construción dunha cultura nacional e nesa dirección traballou para que a carga non escorregase cara a babor ou estribor e ameazase a navegación. Foi pois poeta e novelista, si, pero tamén arqueólogo, historiador, editor, conferenciante, activista cultural, profesor... e sempre dende o metálico compromiso co seu

país e a súa cultura, dende a minuciosidade investigadora e a finura de quen realiza o seu labor aberto a todas as culturas.

Dende o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) quixemos tamén achegar o noso esforzo en homenaxealo neste seu Día das Letras Galegas. Entre os distintos proxectos que impulsamos é sen dúbida este o de maior envergadura e que sería inabordable sen a decidida axuda da Consellería de Cultura e nomeadamente do Director Xeral de Patrimonio, Felipe Arias que nos animou entusiasta a afrontar a tarefa.

Presentamos dous volumes en homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez. No primeiro xuntamos os traballos de arqueoloxía por el publicados e algúns inéditos que a súa familia non só nos facilitou senón que procurou con afán. No segundo reunimos catorce traballos nos que máis de trinta especialistas abordan o estado da cuestión do paleolítico peninsular.

Este proxecto non sería posible sen o esforzo encomiable que realizou o noso compañeiro Eduardo Méndez Quintas, director da sección de Prehistoria e Arqueoloxía do IEM, labor no que contou co xeneroso apoio do incansable Xosé Lois Vilar Pedreira, subdirector do IEM. No traballo comunal achegaron o seu saber e o seu tempo os compañeiros e compañeiras do IEM Rosana Estévez que, con moita paciencia, transcribú os textos; Miguel Anxo Mouriño, que revisou a lingua de ambos tomos; Pedro Telmo Rodríguez Castro, que deseñou as cubertas e Antón Mascato que coidou da complicada edición.

Queremos manifestar o noso agradecemento ao Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento e ao Museo Municipal de Castrelos, de Vigo, que nos abriron as súas portas e estiveron sempre na mellor dispoñibilidade.

Só nos resta agradecer a constante atención que con nós tivo a familia Álvarez Blázquez, dun xeito especial os seus fillos Xosé María, Alfonso, Celso e Berta que, dun xeito ou doutro, teñen colaborado neste e noutros proxectos que o IEM impulsou en homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez.

Val Miñor polo maio das letras de 2008

**Xosé María
Álvarez Blázquez,
home de ben,
galego de pro,
mestre e amigo***

Fernando **Acuña Castroviejo**
*Catedrático de Arqueoloxía,
Universidade de Santiago de Compostela*

* Esta contribución, inédita, recolle fielmente a intervención que tivemos no Teatro García Barbón de Vigo no ano 1985 xunto con outros participantes na homenaxe que se lle fixo a Xosé M^a Álvarez Blázquez. Aparece tal como a fixen naquela altura, sen engádegas nin supresións. Hoxe, 23 anos despois, reafirmome en todo o dito.

Falar de Xosé María neste acto representa unha satisfacción para min, polo grande afecto que lle tiña e polos moitos recordos que acoden ao meu maxín, de tantas e tantas ocasións nas que estivemos xuntos falando de todo: da historia, da literatura, do pasado e do futuro, da Galicia en fin. Mais, ao mesmo tempo, tamén representa unha grande e grave preocupación, pois será moi difícil, estou convencido que imposible, poder reflectir nestes poucos minutos a personalidade e a obra de Xosé María e sobre todo a importancia que, en tódolos eidos, tivo aquel gran home.

Coñecino aló polo ano 1967 cando eu andaba a piques de rematar os meus estudos universitarios. E foi, como tantos outros, na almoeda que tiña na cidade de Vigo. Nin el sabía quen era eu nin eu tiña idea do home que alí estaba. Fun, porque sempre me gustou fisgar nas

librerías de vello polo pracer de follear un libro ou de encontrar unha obra que me chamara a atención ou fora do meu interese. Mais adiante volvíñ topar con el e xa fomos entrabando unha forte amizade. Lémbrome das visitas a súa casa de Coruxo, onde diante dun bo viño, pasabamos as horas parolando de todo e, tamén, facendo proxectos.

Unha das tarefas que mais lle satisfacía e preocupaba era a continuidade daqueles populares libríños da serie *Cuadernos de Arte Gallego*. E lembro como entre os dous, programamos os novos números, os títulos e os autores. Por moitas razóns aquilo non puido seguir pero, o publicado, foi unha boa mostra do espírito divulgador de Xosé María, da súa intención de que chegara á xente os aspectos mais importantes da nosa cultura en obriñas sinxelas e económicas e digo isto, porque unha das características de Álvarez Blázquez foi o desinterese polo material, por gañar cartos e así as publicacións por el editadas eran todas asequibles para calquera. Tanto con esta colección como coa do *Moucho* ou *Pombal* podíase ir facendo unha biblioteca básica galega na que non faltarían aquelas obras felizmente recuperadas do esquecemento ou as reedicións.

Cando tiña un pouco de vagar gustaba de saír ao campo, pasear polos montes tanto polo pracer da natureza como polo seu profundo espírito investigador, na procura daquelas cousas que son testemuña da nosa Terra e do noso pasado. E aquí atopámonos co Xosé María arqueólogo, con outra das súas facetas. Así foi como, aínda estudante, descubriría alá polo ano 1933 mais de 30 pezas paleolíticas na comarca de Tui xunto con outros restos de distintas épocas, dos que só puido recuperar algúns tralos avatares da Guerra Civil, que tanto sufriron el e os seus familiares. Con aqueles útiles paleolíticos fixo un dos seus primeiros traballos neste campo en colaboración con outra gran figura do noso País como foi don Fermín Bouza Brey, de quen por certo dentro de pouco cumprírase o XII cabodano do seu pasamento. E é interesante poder dicir hoxe, coa perspectiva que nos da analizar en 1985 un traballo publicado no 1949, como o estudo sobre as industrias paleolíticas da comarca de Tui ao que seguirían despois todas as do Baixo Miño, representou para a nosa Historia un fito fundamental. En primeiro lugar, porque se trata de traballos de conxunto e, en segundo termo, porque a metodoloxía empregada non tiña nada que envexar

ás publicacións contemporáneas. Así, o estudo das pezas situábase no contexto xeográfico, xeolóxico coa análise das terrazas cuaternarias e se facía tendo en conta a técnica de talla, a pátina, as sinais de uso, etc. É dicir, como se fai hoxe en día naturalmente con métodos mais perfectos e tocando outros aspectos que naquel entón non se coñecían. Pero deste traballo que comento quero tirar outra das características de Xosé María cal é a do seu espírito desprendido e de colaboración. Cóntame que non só neste campo senón en todos, nunca tivo un afán de protagonismo nin de acaparar as cousas que el tiña entre mans ou sabía. Non lle importaba quen a publicara, o que quería e que se coñeceran. E podo dicir, que no ano 1968, doume unha boa proba disto cando, con ocasión dunha visita ao Museo Quiñones de León, que tanto lle debe, mostroume o axuar da cista de Atios, que naquel entón era unha descuberta importantísima para o coñecemento da Idade do Bronce do noso País e encargoume da súa publicación. Ao final o traballo se publicou xunto co meu amigo Carlos García Martínez nos *Cuadernos de Estudios Galegos*, pero tivemos que loitar moito para que accedera a firmar con nós e mais sendo el o que recuperou as pezas e quen redactou unha parte importante do estudo.

E outra mostra deste desprendemento cara os demais ofrecéumoo cando a Caixa de Aforros de Vigo planeou a publicación do que logo sería o libro *Vigo en su Historia*, coordinado por el xunto con Cunqueiro. A min encargoume o capítulo “Vigo en la Antigüedad” e debo dicir que non podería darlle remate senón fora polas informacións tanto orais como polas noticias que Xosé María foime pasando ou polos sitios aos que me levou como a famosa pía de sacrificios de San Lourenzo de Coruxo.

Vemos por tanto como a persoa a quen hoxe homenaxeamos foi un home aberto aos demais, un home dotado dunha grande humanidade, desprendido e preocupado por todo o de Galicia, que non deixaba escapar nin perder nada. Boa mostra desto foi a súa decisiva intervención na recuperación das estelas da gran necrópole romana da rúa do Areal, hoxe expostas no Museo Quiñones de León, e que mais tarde publicaría, na versión definitiva, xunto outra vez con Bouza Brey. E unha persoa así, con estas calidades humanas, tiña á forza que ser un home de ben, un bó galego e un gran mestre que fuxía de toda

vaidade e soberbia, en fin, un gran amigo. Por todo iso, cando se creou o Museo do Pobo Galego ninguén dubidou en que fora Patrono fundador como ninguén dubidou en que ocupara o cargo de Vicepresidente do Padroado. Polo mesmo, tampouco houbo ningunha dúbida en concederlle o Pedrón de Ouro, que tanto estimou.

E xa vou rematar, consciente da miña imposibilidade de expresar con claridade a personalidade do home que hoxe é o protagonista deste acto. E como fin, veñen á miña memoria aqueles versos de Bouza Brey que dicían:


*É por unha cultura que se loita
Por unha lingua en fror que se combate
Por ter o espírito ceibe é a nosa loita
Que ha ter o seu remate.*

Eduardo Méndez Quintas
*Director da Sección de Xeografía,
Historia, Arqueoloxía e Etnografía
Instituto de Estudos Miñoranos*

A arqueoloxía e Xosé María Álvarez Blázquez

No ano no que se homenaxea co Día das Letras Galegas a tan ilustre persoeiro da cultura, dende o Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) non nos podíamos quedar á marxe desta circunstancia, tendo en conta a estreita relación que Xosé María mantivo co Val Miñor. Neste sentido consideramos, dende a Sección de Xeografía, Historia, Arqueoloxía e Etnografía do IEM, que ben poderíamos louvar unha faceta moi importante da súa vida: a arqueoloxía.

É obvio que o primeiro que debíamos facer era reeditar os seus escritos sobre prehistoria e arqueoloxía. Fixémolo neste primeiro volume, onde recompilamos escritos inéditos e publicados en diversos medios, que abranguen temas tan diversos como o Paleolítico, a Idade do Bronce, a Cultura Castrexa ou a época romana. Para facilitar a lectura e a súa comprensión preferimos axeitar os textos orixinais a un formato e un galego estandarizado. Así mesmo incluíronse deliberadas modificacións (tamén con esta fin), caso da substitución dalgunhas das fotografías incluídas nos artigos orixinais, por outras actuais de mellor calidade.



Original manuscrito a lápis do Inventario Arqueolóxico do desaparecido Museo de 2º Ensinanza de Tui elaborado polo propio Álvarez Blázquez. Arquivo Álvarez Blázquez.


OS PRIMEIROS ANOS EN TUI

Xosé María nace en Tui no ano 1915 e as primeiras referencias a actividades arqueolóxicas son do ano 1933, cando só tiña 18 anos. Aínda que cursa os seus estudos superiores en Pontevedra mantén unha estreita relación co Instituto de 2º Ensinanza de Tui, e concretamente cun dos mestres deste centro, Manuel Fernández Costas, prehistoriador tudense, que ademais dirixía un grupo Ultraia na mesma bisbarra.


Sabemos que nos veráns dos anos 1933-34 en compañía doutros rapaces do grupo Ultraia de M. Fernández Costas, realizou diversas actividades arqueolóxicas na bisbarra de Tui, entre elas prospeccións e algunhas escavacións, como é o caso do Castro de Cabeza de Francos (neste volume). Os materias recuperados formaron parte do pequeno museo que por aquel entón se estaba artellando no devandito instituto. Desgraciadamente a vida deste museo non foi moi longa e coa Guerra Civil, en 1936, o Instituto foi clausurado e convertido de novo en cuartel. Os materias arqueolóxicos foron “conservados” nun lugar




Fotografía de Xosé María no ano 1932 en Tui. Neste intre ten 18 anos e xa comeza a facer as súas primeiras incursións no mundo da arqueoloxía. Arquivo Álvarez Blázquez.



Orixinal manuscrito a bolígrafo do escrito sobre o "Castro de Cabeza de Francos". Arquivo Álvarez Blázquez.



Orixinal manuscrito a lapis de "Ideas alrededor de las mámoas". Arquivo Álvarez Blázquez.



Orixinal manuscrito a bolígrafo de "La necrópolis prerromana de Coreses". Arquivo Álvarez Blázquez.



Debuxo a lapis dun bifaz procedente do Teso en Coreses, setembro de 1940.
Arquivo Álvarez Blázquez.

pouco axeitado (como Xosé María narra perfectamente no escrito sobre o Castro de Cabeza de Francos). Estes materiais recuperounos anos despois o propio Álvarez Blázquez. Esta primeiros traballos tamén lle deberon de servir coma primeiro contacto co mundo do Paleolítico, época da prehistoria que máis fascinación lle despertaba.

Destes primeiros anos coñecemos varios escritos sobre arqueoloxía. Concretamente sobre dous castros, o de S. Xoán de Baión en Vilanova de Arousa e o da Guía en Tui. Estes escritos (incluídos neste volume) amosan unha estrutura semellante, onde se narran cada unha pequenas intervencións desenvolvidas por Álvarez Blázquez en compañía do seus irmáns e outros amigos. Estamos en todos os casos ante pequenas sondaxes, no que se tentaba definir o propio carácter de xacemento do lugar e procuraba caracterizalo a nivel cronolóxico, a partir dos materiais desenterrados. Mentres o interese polos castros tudense é obvio, xa que el vivía nesta cidade, o do Castro de S. Xoán de Baión pode parecer máis estraño. A explicación atópase en que Álvarez Blázquez e o resto da súa familia pasaban as súas vacacións estivais nunha casa familiar na parroquia de Baión. Aínda que as escavacións no Castro de Cabeza de Francos datan desta época, as circuns-


tancias persoais de Xosé María, non lle permitirían traballar nel, ata finais da década dos 40, cando escribe o texto que reproducimos neste volume. Desta época tamén é un pequeno texto titulado “Ideas alrededor de las mámoas” (neste volume), onde recolle algunhas reflexións sobre as características e o significado destas construcións.

Dende o ano 1935 a súa situación persoal muda substancialmente, remata os seus estudos de Maxisterio no ano 1934 e obtén o seu primeiro destino coma mestre na escola da Guarda no 1935, aínda que posteriormente, no 1936, é destinado á escola das Olivas de Tui. Neste intre tamén comeza os seus estudos por libre de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. O 1936 é un ano especialmente duro para o Xosé María mozo, o comezo da Guerra Civil no 17 de Xullo, traerá consigo o encarceramento e posterior asasinato do seu pai Darío Álvarez Limeses en Tui. Así mesmo el será represaliado polo goberno fascista de Franco que o destinará na escola dun pequeno pobo de Zamora, Coreses. A pesar de todas estas desgrazas persoais, o xenio investigador de Álvarez Blázquez non se detén e mentres se atopa en Coreses, entre os anos 1938 e 1941, investiga unha necrópole de época romana (neste volume). Ademais, no seu tempo libre dedícase a recorrer a contorna deste pobo recollendo tanto fósiles coma restos paleolíticos.


Entre 1941 e 1948 a súa actividade cultural é intensa, pero no eido da arqueoloxía non temos referencias que nos permitan reconstruír este período. É seguro que seguiría investigando, pero o ritmo sería máis baixo e supeditado a outras tarefas.

O PALEOLÍTICO DO BAIXO MIÑO E AS GÁNDARAS DE BUDIÑO


Xa dende a súa época en Tui, Xosé María sentía especial interese polo mundo do Paleolítico, sen dúbida inspirado pola propia actividade de Fernández Costas que xa traballara nas coñecidas estacións de Camposancos, na Guarda. Este gusto polo coñecemento desta época dúralle o resto da súa vida, xa que na compañía de amigos como Eliseo Alonso, Antonio Fernández e especialmente de Pedro Díaz, fomentará, mediante animadas conversas e misivas, a inquietude por coñecer a estes antigos poboadores.




Portada do fasc. XIII do nº IV da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* de 1949, onde Álvarez Blázquez e Bouza Brey publican o artigo sobre as industrias líticas da bisbarra de Tui.




Versión inédita dunha das figuras que ilustra o artigo sobre as industrias da bisbarra de Tui publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos* en 1949. Arquivo Álvarez Blázquez.




Original manuscrito do artigo sobre as industrias da bisbarra de Tui publicado en *Cuadernos de Estudios Gallegos* en 1949. Arquivo Álvarez Blázquez.



Debuxos de ferramentas paleolíticas da comarca de Tui publicadas no artigo de 1949 en *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Arquivo Álvarez Blázquez.



Esquema estratigráfico de Álvarez Blázquez onde se indican a evolución dos solos en función das diferentes etapas dos ciclos glaciares do sistema alpino. Arquivo Álvarez Blázquez.



Debuxo de Álvarez Blázquez onde se representan os diversos episodios de transgresión/regresión mariñas (parte superior) e a súa relación cos ciclos glaciares alpinos (parte inferior) na bacia do río Miño. Arquivo Álvarez Blázquez.

Froito disto, a súa primeira gran publicación no eido da arqueoloxía foi no ano 1949, en colaboración con Fermín Bouza Brey, no fasc. XIII do nº IV da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* co artigo titulado: "Industrias Paleolíticas de la Comarca de Tuy". Neste traballo estudan parte da colección de materiais paleolíticos do museo arqueolóxico do Instituto de Tui, unhas 26 pezas. Podemos considerar este traballo como uns dos primeiros que amosa unha cronización xeoarqueolóxica. Estamos perante unha adaptación da metodoloxía empregada polos investigadores H. Breuil e G. Zbyszewski no estudo do Paleolítico portugués. Neste artigo non atopamos a exhaustiva descrición dos materiais arqueolóxicos, senón que existe un afán de relacionalos cos procesos xeolóxicos, nomeadamente as terrazas do río Miño, e así dotalos de cronoloxía. Todas as ilustracións (mapas e debuxos de pezas) incorporadas na publicación son obra de Álvarez Blázquez. A este artigo seguiríalle outro, catro anos despois, semellante na forma, aínda que con maior contido. Este publicouse no fasc. 3-



Portada da separata do artigo de Bouza Brey e Álvarez Blázquez “Industrias paleolíticas do Baixo Miño (concellos de A Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia)”, publicado no fas. 1-4 do vol. XIV da revista do *Trabalhos de Antropologia e Etnologia* do ano 1953-54.




Fotografía extraída do libro *Vigo en su Historia* (pax. 17), na que observamos a Álvarez Blázquez (o seu bastón) sinalando a posición dun bifaz en contexto estratigráfico, no xacemento das Gándaras de Budiño.




Orixinal manuscrito do artigo das industrias do Baixo Miño publicado en *Trabalhos de Antropologia e Etnologia* no ano 1953-54. Arquivo Álvarez Blázquez.



Imaxe dunha conferencia a mediados dos anos 50, na que se observa a Álvarez Blázquez sostenendo un bifaz, cun dos seus grandes amigos, Eliseo Alonso sentado detrás. Arquivo Álvarez Blázquez.



Texto original, escrito a bolígrafo, onde explica a diferenza entre o abbevilense e o achelense. Arquivo Álvarez Blázquez.



Bifaz procedentes do xacemento das Gándaras de Budiño recuperado nas prospeccións de Álvarez Blázquez durante os anos 1961-62. Museo "Quiñones de León" de Vigo.

4 do vol. XIV da revista portuguesa, *Trabalhos de Antropologia e Etnologia*, co título "Industrias paleolíticas do Baixo Miño (concellos de A Guarda, O Rosal, Tomiño e Oia)". Nesta caso, o artigo está encabezado por Bouza Brey e xa non se limita a bisbarra tudense, senón que abrangue boa parte do Baixo Miño, dende o concello de Oia ata Tomiño. Neste caso o conxunto material era moito máis numeroso, incluíndose as pezas recollidas por diversos colaboradores, entre os que debemos destacar ao artista Antonio Fernández que achegou o maior número de efectivos procedente da parroquia de Goián. Neste artigo puntualízanse as conclusións tiradas no artigo precedente, establecendo unha proposta de evolución cronocultural local específica. Nesta caso, as ilustracións do artigo serían obra de Antonio Fernández e, en menor medida, de Álvarez Blázquez. Estes dous artigos son un fito, de primeira orde, na divagante investigación do Paleolítico Galego. Ata tempos máis ben recentes, no se volverán a repetir estudos desta magnitude nin cunha metodoloxía tan novedosa en Galicia.

Ao longo dos anos Xosé María seguiría procurando, polas beiras do Miño e nos arredores da bisbarra de Vigo, estas antigas pegadas da presenza humana. Álvarez Blázquez, no seu afán de coñecemento sobre o Paleolítico, interviría noutro gran fito da investigación do Paleolítico gale-

go: o descubrimento do xacemento das Gándaras de Budiño (O Porriño). O xacemento de Budiño foi descuberto polo xeógrafo francés, Henri Nonn, en compañía de Antonio Fernández del Riego, en 1961 no transcurso da elaboración da tese de doutoramento, do primeiro, titulada: *Les Régions Côtières de la Galice (Espagne). Étude géomorphologique*, publicada pola Facultade de Letras da universidade de Estrasburgo (Francia) no ano 1966. Consciente da importancia do descubrimento, Nonn ponse en contacto con Álvarez Blázquez, a sazón Comisario Local de Escavacións, que dende o primeiro intre amosa gran interese polo xacemento. De feito entre os anos 1961-62 realizou intensas prospección na zona da Gándaras rescatando un importante número de pezas líticas, que na actualidade se atopan depositas no Museo “Quiñones de León” de Vigo.

De novo a ambición de coñecemento, Álvarez Blázquez fixo que o xacemento, non quedara no esquecemento. Por isto púxose en contacto co paleontólogo Emiliano Aguirre, co que lle unían lazos de amizade familiar. Por aquel intre Aguirre formaba parte do equipo multidisciplinar, que baixo a dirección do arqueólogo americano F. C. Howell, escavaban nos xacementos arqueopaleontolóxicos de Ambrona e Torralba, na provincia de Soria. Álvarez Blázquez traería a Emiliano Aguirre en compañía de Desmond Collins, profesor da universidade de Cambrigde, a coñecer o xacemento no inverno de 1962. Constatada a potencialidade do mesmo, planifícase unha campaña de escavación que se desenvolvería durante o verán do ano seguinte, coa axuda económica da Wenner-Green Foundation. Álvarez Blázquez estivo en todo momento involucrado na escavación e posterior clasificación dos materiais recuperados no transcurso desta primeira campaña. As expectativas sobre o xacemento cumpríronse dabondo e fixo de Budiño uns dos xacementos *achelenses* máis importantes da Península Ibérica.

Como mostra da importancia do xacemento de Budiño, sirva o anuncio que fai Álvarez Blázquez no artigo publicado no nº 9 da revista *Grial* en 1964 (neste volume), que transcribimos a continuación:

“por iniciativa tamén do P. Aguirre, o Concello do Porriño ten a intención de montar nas Gándaras de Budiño un pequeno Museo, acoutando un recanto do “taller” onde se mostrarán os útiles in situ. Será este o segundo Museo do seu tipo en España (o primeiro é o de Torralba (Soria))”.



Instante do descubrimento do conxunto de estelas romanas da rúa Pontevedra, no que se observa a Álvarez Blázquez agachado observando unha das estelas.



Momento no que Álvarez Blázquez lle ensina unha das estelas ao alcalde de Vigo, Tomás Pérez Lorente.

Desgraciadamente este anuncio quedouse niso, nun anuncio e o xacemento foi sucumbindo ante o avance do polígono industrial do Porriño.


VIGO E A COMISARÍA LOCAL DE ESCAVACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

O 1949 foi un ano moi importante no eido cultural de Álvarez Blázquez. Por un lado é nomeado membro correspondente da Real Academia Galega e por outro recibe o título honorífico de Comisario Local de Escavacións Arqueolóxicas de Vigo, vila na que se asentara en 1941. Será a partir deste intre cando a súa actividade arqueolóxica se multiplique.


Non pasarían moitos anos antes de que tivera que facer efectivo este nomeamento, xa que en setembro de 1952 faría a súa primeira intervención sobre un xacemento arqueolóxico vigués. Durante a apertura dunha gabia nunha rúa nas proximidades do actual Colexio



Álvarez Blázquez tomando notas sobre unha das estelas da rúa Pontevedra.



Portada das actas do III Congreso Nacional de Arqueología, na que Álvarez Blázquez publica a primeira noticia sobre o conxunto epigráfico da rúa Pontevedra no ano 1955.



Portada do volume XVI da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, onde Álvarez Blázquez, en compañía de Bouza Brey, publica o estudo definitivo do conxunto de estelas funerarias da rúa Pontevedra no ano 1961.



Estela funeraria romana do Areal coa representación de cultos dionisiacos. Museo Quiñones de León, de Vigo.



Fotografía da ara adicada a Mercurio da Praia da Madorra de Panxón (Nigrán), incluída na publicación do volume XVI da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Museo Quiñones de León, de Vigo.




Estela funeraria romana do Areal coa representación dun soldado. Museo Quiñones de León, de Vigo.

do Picacho, no que é hoxe a rúa de Beirmar, apareceron sendos enterramentos de tégulas de época romana, unha completa e parte da outra. En ningún caso conservaban restos humanos nos eu interior, aínda que se puido recuperar algúns anacos de ferros e restos de carbóns. A noticia deste primeiro descubrimento publicouna nas páxinas do *Faro de Vigo* do 20 de setembro de 1952 titulado “Nuevos hallazgos. Para el esclarecimiento del pasado de nuestra ciudad” (neste volume). Nese mesmo ano, pero xa no mes de novembro realizaría unha intervención puntual na ladeira NO do Monte do Castro, no que descubriría unha estrutura circular que aportou un importante número de restos arqueolóxicos, como “terras sigillatas”, cerámica pintada de tradición ibera, elementos de bronce... Coma en ocasións posteriores



Fotografía na que aparecen Álvarez Blázquez e Pedro Díaz observando as recién descubertas aras do santuario romano de Donón (Cangas). Arquivo Álvarez Blázquez.



Portada do volume XXVI da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* do ano 1971, onde Álvarez Blázquez en compañía de Bouza Brey e Enrique Massó, publican o estudo do conxunto de aras do santuario romano de Donón.



Unha parte das aras do santuario romano de Donón colocada enriba dun carro de bois para o seu transporte ata o Museo de Castrelos. Na parte de atrás do carro están de pé, de esquerda a dereita, José Piñeiro, Enrique Míguez, Ángel Ilarri, Álvarez Blázquez, Pedro Díaz Álvarez, Serafín Costas Sotelo e algúns dos veciños que lles axudaron na recuperación das aras.


(caso da escavación de 1970 no propio Castro de Vigo e no da Illa de Toralla) Álvarez Blázquez nunca vhegou a publicar “*in extenso*” os resultados destes traballos, dispoñendo unicamente de referencias citadas noutros estudos de carácter xeral.

Pouco tempo despois asistimos a un dos fitos máis importantes da faceta arqueolóxica de Álvarez Blázquez, como foi o sensacional descubrimento do conxunto de estelas funerarias da Rúa Hospital. Corría o marzal de 1953 e durante a preparación das cimentacións dun edificio na esquina coa rúa Pontevedra aparece unha estela funeraria romana. Avisado polo contratista da obra, Álvarez Blázquez visita o lugar e decátase da importancia do achádego. Conseguido o permiso do propietario do terreo solicita a axuda municipal, sendo alcalde o Sr. Tomás Pérez Lorente, para emprender a escavación do lugar no procura de máis restos. Estes non se fan esperar e ao remate da escavación, no 28 de abril dese ano, o saldo era a localización de 30 elementos, entre estelas completas e fragmentos parciais, así como un cuantioso número de restos cerámicos de cronoloxía tamén romana. Álvarez Blázquez estaba ante o conxunto epigráfico romano máis importante de Galicia, aínda non superado na actualidade. Da noticia fíxose eco a prensa local, caso do *Faro de Vigo* que o amosa en portada na edición do 24 de marzo de 1953.

Nese mesmo ano celébrase en Galicia o III Congreso Nacional de Arqueoloxía que foi aproveitado por Álvarez Blázquez para presentar unha noticia preliminar sobre o descubrimento e unha primeira lectura epigráfica (neste volume). Como posteriormente el mesmo recoñecería este artigo tiña erros, sobre todo no eido das lecturas epigráficas, aínda que a importancia deste artigo, polo foro onde foi publicado, supera con moito calquera dos erros cometidos. Con este descubrimento Álvarez Blázquez pasa a ser un dos arqueólogos máis recoñecidos de Galicia. Tempo despois deste primeiro artigo publica, en 1961, en compañía do seu amigo Bouza Brey, un novo estudo moito máis traballado, no vol. XVI de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, titulado “Inscripciones Romanas de Vigo” (neste volume). Neste traballo analiza pormenorizadamente, non só as cuestións puramente epigráficas, senón que describe e contextualiza os aspectos decorativos das propias estelas. Entre as análises máis sobresaíntes deste conxunto epigráfico, Álvarez Blázquez sinala como unha parte destas estelas fan referencia a xentes proceden-



Fragmento superior dunha das aras do santuario romano de Donón. Museo “Quiñones de León” de Vigo.



Portada do volume XXV da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos* do ano 1970, onde onde Álvarez Blázquez en compañía de Acuña Castroviejo e García Martínez, publican a cista de Atios.



Ara completa do santuario romano de Donón. Museo “Quiñones de León” de Vigo.



Axuar completo da cista de Atios, onde se observan unha espada curta e un puñal en bronce, unha espiral en prata e dous cingudeiros en ouro. Museo “Quiñones de León” de Vigo.

tes doutras zonas da Hispania romana, concretamente da poboación de Clunia, hoxe Coruña del Conde (Burgos). Así mesmo nesta publicación non solo se estudou o lote de estelas da rúa Hospital, senón que tamén se inclúen outras testemuñas romanas, caso da ara de Panxón (Nigrán). Esta peza foi atopada no inverno do ano 1958 na Praia da Madorra. Esta tiña a particularidade de ser unha das poucas, que se coñecían neste intre, adicada a Mercurio. Isto testemuñaba a importancia que tivo esta vila mariñeira do Val Miñor en época romana, xa anunciada por outros indicios tales como un mosaico decorado cun muxo (actualmente no Reino Unido) ou o propio Castro de Panxón.

DONÓN E ATIOS: AS OUTRAS GRANDES CONTRIBUCIÓNS A ARQUEOLOXÍA GALEGA DE ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Ao longo da década do 60 e 70 Álvarez Blázquez, a pesares da súa intensa laboura cultural noutros eidos, non cesou un ápice nos seus traballos arqueolóxicos. Como mostra disto, e exceptuando todo o que comentamos antes sobre o paleolítico, nesta época temos o non pouco interesante descubrimento das aras do santuario romano de *O Facho de Donón*, (*Cangas*). O conxunto de aras analizadas foi descuberto ao longo dos primeiros anos da década de 1960, coas achegas de Pedro Díaz e os irmáns Massó. Tras un “aparatoso” rescate, as aras foron transportadas ata o Museo “Quiñones de León” de Vigo, onde se atopan actualmente. Este conxunto de aras ten a particularidade de estar adicada a unha deidade chamada BREO ou BEROBREO de orixe indíxena, o que nos estaría a indicar a pervivencia e adaptación dos cultos prerromanos a nova realidade xeopolítica. A publicación das mesmas, asinada por Bouza Brey, en compañía de Álvarez Blázquez e Enrique Massó, faríase esperar ata o ano 1971, nas páxinas do vol. XXVI de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, co título de “Las Aras del santuario galaico-romano de Donón (Hío-Cangas)” (neste volume).

De novo temos que volver a sinalar a relación entre Álvarez Blázquez e a vila do Porriño, neste caso non polo mundo do Paleolítico senón por un xacemento prehistórico abraiante, aínda que máis recente, a cista de Atios. A cista apareceu no verán de 1967 grazas ao bo facer doutro dos nomes importantes da arqueoloxía da comarca, Pelayo Fernández.




Álvarez Blázquez, posiblemente nos Penedos de San Lourenzo (Coruxo), durante unha excursión con alumnos dunha escola, a mediados dos anos 70. Arquivo Álvarez Blázquez.



mpartindo unha conferencia tralo seu nomeamento como Cronista Oficial de Vigo no 30 de Decembro de 1976. Arquivo Álvarez Blázquez.



Apuntamento manuscrito a bolígrafo dunha conferencia sobre a “Misión de montañeiros (celtas) en el campo de la Prehistoria”. Arquivo Álvarez Blázquez.



Portada do libro *Vigo en su Historia*, editado polo propio Álvarez Blázquez e Álvaro Cunqueiro.



Fotografía dunha excursión, con estudantes e profesores do Instituto Politécnico Marítimo-Pesquero de Vigo, a Moaña nos ano 1977, el aparece sentado a esquerda da fotografía. Arquivo Álvarez Blázquez.

Como noutras, o autor do descubrimento, púxose inmediatamente en contacto con Álvarez Blázquez que ao día seguinte e tras visitar o lugar realizou a pertinente escavación. Estaban ante un descubrimento sensacional, era unha das poucas oportunidades de acceder a unha cista de xeito controlado. Este aportou un interesante enxoval metálico, composto por unha espada curta e unha puñal de bronce, dous cilindros de ouro e dúas espirais (unha desaparecida) de prata. O artigo como non podía ser doutro xeito foi publicado pouco tempo despois (1970), en compañía de Fernando Acuña Castroviejo e Carlos García Martínez dende as follas do vol. XXV da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, titulado “Cista y ajuar funerario de Atios (Porriño)” (neste volume).

O RECOÑECIMENTO A ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

Xa dende antes dos anos 70, Xosé María traballaba nunha antiga teima, que Vigo e a súa bisbarra, contasen cunha sala de Historia e Arqueoloxía. Para isto clasifica os variados fondos de arqueoloxía que se custodiaban xa no Museo “Quiñones de León” de Vigo, de cara a organizar unha exposición permanente, a cal estará lista nos anos seguintes.



Unha das derradeiras fotos de Álvarez Blázquez. Diante duns menhires de Carnac (Francia) en 1983, durante a visita de irmandade entre a cidade de Vigo coa de Lorient. Arquivo Álvarez Blázquez.



Presentación do libro *Vigo en su Historia*, no ano 1980, no auditorio da Caixa de Aforros de Vigo. Arquivo Álvarez Blázquez.

Aínda que non o comentamos antes, Xosé María ten unha faceta moi interesante, que é a de conferenciante. Non estamos en disposición de aseverar cantas conferencias deu ao longo da súa vida, nin cantas foron exclusivamente de Prehistoria e Arqueoloxía. De tódolos xeitos o que si podemos dicir é que a súa labor de divulgación mediante a palabra, pudo chegar a moita máis xente, e espertar na xente, como a el lle sucedera antes, a paixón pola arqueoloxía.

Nos últimos anos da súa vida, chegaronlle todos os recoñecementos, polos longos anos de dedicación e esforzo en pro da cultura galega. En 1976 é nomeado Cronista Oficial de Vigo e aínda que nos poda parecer increíble, ou quizáis non tanto, terá que agardar ata o ano 1982, para ser nomeado membro do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” (institución a que estivo sempre moi vencellado) e xefe do Departamento de “Historia de Vigo y su comarca” do Museo “Quiñones de León” de Vigo. Cara esta época a súa actividade arqueolóxica vai esmorecendo paulatinamente ao mesmo ritmo que o facían as súas forzas. Deste período atopamos un inxente labor, como autor de prólogos, entre o que podemos citar o que lle fixo ao libro do seu gran amigo, Pedro Díaz, *Ánforas romanas en los caminos del mar*, publicado polo Museo “Quiñones de León” de Vigo, no ano 1981, ou o do libro de José Manuel Hidalgo Cuñarro, titulado *Excavaciones arqueológicas en el Castro de Vigo*, tamén publicado polo Museo de Castrelos no ano 1983 (ambos neste volume).

Unha das maiores contribucións, neste último período da súa vida, foi editar a grandiosa obra de *Vigo en su Historia*, na que aglutina o esforzo dun importante número de autores que analizan a evolución desta cidade dende a Prehistoria ata o intre da súa edición en 1980. Esta obra conta cun fermoso prólogo obra de Álvarez Blázquez e de Álvaro Cunqueiro (neste volume).

O final da intensa vida de Álvarez Blázquez chegou no inverno de 1985. Con el foise un dos últimos homes desa xeración perdida, persoas preocupadas pola cultura do seu país, a mais dun dos arqueólogos máis importantes da Galicia da segunda metade do século XX. Dende o IEM consideramos máis que merecida a súa elección para a celebración do Día das Letras Galegas de 2008, e con estes dous volumes esperamos facer cumprida homenaxe a este gran personaxe da cultura galega. Vai por ti, Xosé María.